



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1218/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

Con data 13/05/2022 D^a [REDACTED] presenta solicitude de acceso a información pública respecto da "*Copia íntegra de los expedientes que se hubieran tramitado por los servicios de Inspección y Disciplina urbanística del Concello de Vigo en cumplimiento de la resolución declarando la caducidad de la solicitud de licencia de obra dictada en el expediente 70718-421*".

Con data 23/05/2022 emítase resposta ao solicitado pola Xefatura de Disciplina Urbanística da Xerencia Municipal de Urbanismo.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que "*Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública,*

Copia do documento - Concello de Vigo 1218-1102	Data impresión: 03/03/2023 09:19	Páxina 1 de 5
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Así mesmo en materia urbanística cabe sinalar o artigo 5.c) do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana todos os cidadáns teñen acceder á información da que dispoñan as Administracións Públicas sobre a ordenación do territorio, a ordenación urbanística e a súa avaliación ambiental, así como obter copia ou certificación das disposicións ou actos administrativos adoptados, nos termos dispostos na súa lexislación reguladora.

SEGUNDO.-Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

TERCEIRO.- En relación a solicitude formulada cabe sinalar que con motivo da solicitude da interesada en data 24.02.2022 (expte 1138/1102) en data 24.03.2022 por Resolución da Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal estimouse a solicitude formulada por dona [REDACTED] de acceso a información pública e facilitar o informe técnico do servizo de licenzas da Xerencia Municipal de urbanismo o cal literalmente dí *"Consultados os arquivos informáticos da XMU, consta o expediente tramitado baixo o número 85774/421, procedemento de solicitude de título habilitante iniciado a instancia de PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE ILLAS ATLÁNTICAS (CIF S1511001-H), para levar cabo a reforma e ampliación de barracóns existentes a parcela catastral 54057A228000010000YJ.*

O expediente conta con informes da arquitecta municipal, así como da arqueóloga municipal. Con data 11/06/2016 notificaselle que que precisa informe preceptivo da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, toda vez que a parcela se empraza no ámbito de protección do xacemento das Canteiras GA36057151, incluído no catálogo de xacementos arqueolóxicos de Vigo.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:19	Páxina 2 de 5
1218-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con data 29/12/2016 a directora de Patrimonio Cultural emite resolución pola que se autoriza o proxecto, debendo cumprir unha serie de condicionantes expresamente especificadas na propia resolución, engadindo que "deberá presentarse o devandito proxecto arqueolóxico antes da concesión da licenza municipal, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural."

A dita resolución foi notificada en data 13/01/2017, perante documento de saída 911/2017, constando recibida por persoa autorizada en data 23/01/2017 segundo consta no acuse de recibo que obra no expediente. A data de hoxe, non consta que o dito requirimento fora atendido, polo que o expediente atópase incompleto." Dita resolución foi notificada electronicamente á interesada en data 29.03.2022 segundo acuse de correo web.

Asi mesmo respecto da solicitude formulada en data 13.05.2022 obxecto deste expediente consta informe da Xefatura de Disciplina Urbanística da Xerencia Municipal de Urbanismo no que sinala

(...)

-A petición de información foi respostada polo Servizo de Arquivo dando vista do expediente de Licenzas 70718-421 (expediente de solicitude de información núm. 3145/424).

-Consultada a base de datos de xestión de expedientes non consta ningún expediente de reposición da legalidade urbanística nin sancionador derivados da caducidade da licenza do expediente 70718-421.

- Compre facer referencia a que lle corresponde á Axencia de Protección da Legalidade Urbanísticas, da Xunta de Galicia, as competencias en materia de inspección, reposición da legalidade e sancionador en relación as obras e usos que se executen na Servidume de Protección do Dominio Público Marítimo Terrestre en virtude do art. 3.g do Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Axencia de Protección da Legalidade urbanística, e do art. 35 do Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre.

A vista do informe do servizo de disciplina urbanística da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) conclúese o seguinte

- Respecto ao acceso do expediente de licenza segundo informe da XMU xa foi facilitada en expte 3145/424. E por isto polo que procede a súa inadmisión conforme o disposto no artigo 18.1 e) da LTAIGB en tanto que a solicitude de acceso a información formulada coincide coa xa presentada pola mesma solicitante en data 4.04.2022 sendo facilitada mediante notificación electrónica practicada na mesma data de presentación da solicitude de acceso a información obxecto deste expediente, isto é 13.05.2020.

Respecto do acceso ao expediente de reposición da legalidade e sancionador segundo informe da XMU non consta ningún expediente .polo que non tendo sido elaborada non constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG. O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina << Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:19	Páxina 3 de 5
1218-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

general.”

Neste senso o Consello de Transparencia e Bo Goberno estima que esta causa de inadmisión concorre nos supostos en que no se pode proporcionar a información porque materialmente non se ten (resolucións 11/2015, de 25 de maio, 403/2015 de 21 de xaneiro entre outras.)

E por isto que procede a inadmisión da solicitude neste punto en tanto que a información ao non existir non pode ser facilitada. Así mesmo tal e como indica o informe do Servizo de Disciplina as competencias en materia de inspección, reposición da legalidade e sancionador en relación as obras e usos que se executen na Servidume de Protección do Dominio Público Marítimo Terrestre corresponden a Axencia de Protección da Legalidade Urbanísticas, da Xunta de Galicia,

CUARTO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto fórmulase a seguinte **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Inadmitir a solicitude formulada por D^a [REDACTED] con data 13/05/2022 de acceso ao expediente de licenza conforme o disposto no artigo 18.1 e) da LTAIGB en tanto que a mesma xa foi facilitada na mesma data da presente solicitude.

SEGUNDO.- Inadmitir a solicitude formulada por D^a [REDACTED] con data 13/05/2022 de acceso ao expediente de reposición da legalidade e sancionador conforme o disposto no artigo 18.1.a) da LTAIGB en tanto que non consta a existencia de ditos expedientes polo que non tendo sido elaborada non constitúe información pública.

TERCEIRO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:19	Páxina 4 de 5
1218-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:19	Páxina 5 de 5
1218-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		